



30 de marzo 2017

NOTA DE PRENSA

FALLO PÚBLICO DO XURADO

1º CONCURSO DE RELATO CURTO “MÚSICA, LINGUA E VALORES”

O Concurso

A Asociación Nacional de Directores de Banda, a través da Banda Sinfónica Infantil e Xuvenil de Galicia, organiza este concurso para alumnos da E.S.O. dos centros educativos de Galicia.

O premio é especial e innovador: A organización encargará a un recoñecido compositor galego a musicalización do relato no formato “Narrador e Banda Sinfónica”. A partitura (máis o texto) editarase e será estreada pola Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia na súa vindeira xira 2007, no mes de agosto. Ó/Á gañador/a convidarase a participar nos ensaios e concerto de presentación da obra; no que se lle fará entrega dun diploma así como de exemplares editados da mesma. A composición distribuirase para que poida ser interpretada por todas as bandas de Galicia.

O Fallo do Xurado

REUNIDO en Ortigueira o mércores 29 de marzo do 2017 o xurado formado por Dña. Obdulia Dopico Cachán e Dña. Julia Dopico Vale; e actuando como secretario do mesmo o presidente da ANDB, D. Carlos Diéguez Beltrán:

DECIDEN por unanimidade, outorgar o premio ao relato "ELA", pola transmisión de valores, musicalidade do texto, reivindicación da liberdade e a amalgama de sentimentos que reflicte.

O Xurado

Obdulia Dopico Cachán: Profesora do CEIP José María Lage (Ortigueira). Recoñecida escritora, finalista por dúas veces do Concurso de novela por entregas da Voz de Galicia.

Julia Dopico Vale: Profesora do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña. Poeta premiada en diversos concursos literarios e articulista en diversos xornais galegos. Presidenta da Asociación Cultural Brigantia, é unha persoa comprometida coa difusión da música e a literatura de Galicia.

A gañadora do Concurso e autora do Relato “ELA”

VERÓNICA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, estudante de 3º da E.S.O. do C.P.I. As Mirandas de Ares (A Coruña) é a gañadora do Concurso co relato “Ela”.

O compositor que porá a música ó relato

Andrés Álvarez, xove compositor natural de Goián (Tomiño, Pontevedra)

Comeza os seus estudos musicais na Agrupación musical de Goián, da cal é membro fundador, da man do mestre Juan Carlos Díaz, para posteriormente realizar os estudos de trompeta e composición no conservatorio Superior de música de Vigo baixo a tutela de mestres como Juan Eiras, Carlos Cambeiro, Pablo Beltrán o Fernando Buide entre outros.



Especialízase en composición para banda e o medio audiovisual con mestres como Angel Montes, Bart Picqueur, Franco Cesarini, Bert Appermont, Óscar Navarro ou Ferrer Ferrán.

A día de hoxe a súa obra ten recibido diferentes galardóns en diferentes concursos de composición, sendo esta tamén estreada e interpretada en diferentes países como Francia,

Belgica, Holanda, Italia, Japón, Venezuela, Colombia, Australia... destacando a xira por Brasil,

realizada no ano 2015, xunto co quinteto RUBATO, para o estreno do concerto Symphonic Sketches, para quinteto de vento e banda, na que o propio compositor dirixiu o estreo ca banda sinfónica do Cubatão no teatro SESC de Santos.

Andrés Álvarez ten impartido numerosos cursos de composición e instrumentación por toda a xeografía española e portuguesa así como participado como membro de diferentes xurados, destacando a derradeira edición do certame internacional de bandas Flicorno D’Oro de Riva del Garda, Italia.

Colabora co compositor Óscar Navarro como asistente e orquestrador. Destacando a instrumentación para banda da suite “El Olimpo de los Dioses”, o traballo como orquestrador e asistente na gravación da banda sonora do largometraje “Sueños de Sal”, gañador do Goya á mellor película documental no ano 2015 ou a orquestración da suite para banda e orquesta da banda sonora da película “La Mula”.

No campo da dirección de banda asistiu a diferentes cursos e clases con mestres como José R. Pascual Villaplana, Carlos Díaz, Rafa Agulló, Javier Viceiro ou Jan Cober.



Dende xaneiro do 2015, compaxina o seu traballo como compositor co de director artístico da Banda de música de Chapela.

Web: www.andresalvarez.es

CONTACTO PARA MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Carlos Diéguez Beltrán (Director Artístico)

Tel. 610867325

email: bandasinfonicadegalicia@yahoo.es

<http://www.bandasinfonicadegalicia.com>